

A dirección do CPI Ponte Carreira **INFORMA QUE:**

Todo o alumnado, escolarizado neste centro para o curso 2023/2024, que desexe facer uso do servizo de comedor escolar ten que solicitar a condición de usuario, para o que deberán entregar no centro o ANEXO II, debidamente cuberto durante o mes de **xullo en horario de 10:00 a 13:00 no centro.**

<b>Resumo instrucións de comedor 2023/2024</b>		
<b>G R A T U I T O</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.</li> <li>O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.</li> <li>O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grao de discapacidade declarado igual ou superior ao 33 %.</li> <li>O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.</li> <li>O alumnado que curse a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 € <i>Calquera das condicións anteriores hai que acreditarlas documentalmente.</i></li> </ul>	
<b>1,00</b>	Unidades familiares con un ou dous menores que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de EI	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
	Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensino básico obrigatorio e/ou 2º ciclo de EI	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €
<b>2,50 €</b>	Unidades familiares con un ou dous menores que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de EI	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
<b>4,50 €</b>	Unidades familiares con un ou dous menores que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou 2º ciclo de EI	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
<p>A <i>autodeclaración</i> terá en conta a renda do ano 2022 e procederase manualmente como se indica no modelo; o cálculo poden facerse co simulador de taxas ao que se accede dende: <a href="https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp">https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp</a></p>		
<p><b>Aos efectos de unidade familiar a ter en conta a 31 de decembro de 2022:</b>  <b>Matrimonios:</b> os cónxuxes máis fillos menores de idade que non estean independizados e os maiores de idade que sexan dependentes, isto hai que acreditarlo.  <b>Separación legal ou parellas de feito: solo un dos proxenitores (pai ou nai) e a totalidade dos fillos menores, sen independizarse, que convivan con el ou ela.</b></p>		
<p><b>Colaboracións no servizo de comedor,</b> poden ser pais, nais, titores/as legais, acolletores familiares. Excepcionalmente poden colaborar, se fose necesario: outros familiares do alumnado comensal, excolaboradores deste servizo, persoal relacionado coa comunidade educativa, así como a persoal que participe en programas de voluntariado social. A lista destas persoas estará aberta todo o ano, e soamente poderán colaborar se non houbese persoal suficiente.</p>		

**Nais/pais do alumnado para o vindeiro curso 2023/2024**